



PROCESO SELECTIVO PRAZA OFICIAL/A DE LAVANDERÍA  
PROMOCIÓN INTERNA – CENTRO PRÍNCIPE FELIPE

PRIMEIRO EXERCICIO – TIPO TEST

1. Segundo o artigo 20 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia existen 4 tipos de empregados públicos, sinala cal das seguintes opcións non é correcta.

- a) Persoal laboral
- b) Persoal fixo discontinuo.**
- c) Persoal eventual.
- d) Persoal funcionario interino.

2. Os empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia someteranse a un código de conduta configurado por unha serie de deberes que figuran no artigo 74. Sinala entre os deberes cal das seguintes opcións consideras que é a correcta.

- a) A manter actualizada a súa formación e cualificación.**
- b) Á libre asociación profesional.
- c) Á liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico.
- d) Á adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

3. De conformidade co estipulado no artigo 4 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, sinala a resposta que consideres correcta en relación á definición de “risco laboral”.

- a) O conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases da actividade dunha empresa para evitar ou diminuír accidentes derivados do traballo.
- b) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.**
- c) As patoloxías ou lesións sufridas con motivo e ocasión do traballo.
- d) Unha enfermidade laboral ocasionada no traballo.

4. Tendo en conta o estipulado no artigo 7 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sinala a resposta que consideres correcta en relación a que o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa:

- a) Maior de 18 anos.
- b) Maior de 13 anos.
- c) Maior de 16 anos.
- d) Maior de 14 anos.**

5. Segundo o artigo 2 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, gozarán dos dereitos derivados do principio de igualdade de trato e da prohibición por discriminación por razón de sexo:

- a) Todos os españois.
- b) Todas as persoas.**
- c) Só os españois.
- d) Algunhas persoas

6. ¿Que fases poden formar parte do prelavado, ou fase anterior ao lavado?

- a) Humectación**
- b) Lixiviado
- c) Neutralizado
- d) Suavizante

7. ¿A humidade da roupa limpa pode favorecer a aparición?

- a) Virus
- b) Bacterias
- c) Parasitos
- d) Fungos**



8. ¿Cada canto tempo se limpan e desinfectan os carros empregados na zona da roupa limpa?

- a) Dúas veces ao día.
- b) Diario**
- c) Cada dous días
- d) Cada semana.

9. ¿Que sistema de dosificación se utiliza para o deterxente nunha lavandería centralizada?

- a) Sistema de depósito de predisolución**
- b) Método manual
- c) Difusión automática inicial
- d) Remoto

10. ¿Como se denominan os carros ou gaiolas móbiles para o traslado de roupa limpa?

- a) Contener
- b) Gaiolas tipo rolltainer**
- c) Gaiolas tolvas
- d) Carros portables

11. ¿Que funcións posúen as centrais de pasado o ferro?

- a) Aspirante e soplante
- b) Aspirante e vaporizante
- c) Soplante e vaporizante
- D) Aspirante, soplante e vaporizante**



12. ¿Que resulta do entrelazado das fibras?

- a) Un tecido rugoso.
- b) Un produto plano, o tecido**
- c) Unha fibra maior.
- d) Unha prenda

13. Que elemento se pode empregar para quitar manchas de óxido das prendas?

- a) Aceite
- b) Limón**
- c) Sal
- d) Alcol

14. ¿Como se quitará unha mancha de bolígrafo sobre un tecido?

- a) Con alcol**
- b) Con auga osixenada
- c) Con lixivia
- d) Con augarrás

15. ¿Como se eliminan as manchas de ouriños?

- a) Frotando con alcol ou acetona
- b) Remollando en auga con amoníaco
- c) Frotando con zume de limón antes de lavar**
- d) Frotando cunha mestura de vinagre e alcol



16. ¿Como se tratan as manchas con cera?

- a) **Aplicar frío e rascar**
- b) Frotar cunha mestura de vinagre y alcol
- c) Frotar con benzol
- d) Cubrir con po de talco e cepillar

17. ¿Como se mantén a roupa durante a humectación?

- a) **En auga fría durante 3-5 minutos**
- b) En auga quente durante 3-5 minutos
- c) En auga fría durante unha hora
- d) En auga tibia sen tempo determinado

18. ¿Que finalidade ten o neutralizado?

- a) O aclarado dos tecidos
- b) O branqueo dos tecidos
- c) **Evitar que queden restos de cloro nos tecidos**
- d) Evitar o destinguido

19. Na fase de prelavado entra unha cantidade de auga do:

- a) **30% da capacidade de enchido**
- b) 40% da capacidade de enchido
- c) 50% da capacidade de enchido
- d) 20% da capacidade de enchido

20. ¿Cal é o segredo máis importante para eliminar as manchas da roupa?

- a) Lavar a prenda cando se trate de manchas difíciles.
- b) **Actuar con rapidez**

- c) Pasar o ferro á prenda antes de lavalas para sacar a mancha difícil
- d) Realizar unha proba nun anaco de tecido non visible da prenda para comprobar a súa solidez.

21. ¿A que temperatura máxima lavaremos un tecido sintético de cor?

- a) 95°C
- b) 60°C
- c) 30°C
- d) 40°C

22. ¿Que afirmación das seguintes é falsa acerca da manipulación da roupa limpa?

- a) A roupa limpa será sometida á mínima manipulación posible, mecanizando e automatizando todos os procesos posibles.
- b) As prendas que se van a reparar serán manipuladas minimamente para evitar que actúen como vehículo de transmisión de enfermidades.**
- c) É importante aplicar unha temperatura de pasado o ferro adecuada para cada tipo de tecido, xa que a aplicación de temperaturas máis altas danaría os tecidos.
- d) O empaquetado da roupa farase tocando o menos posible as prendas, e sempre que sexa posible farase mecanicamente.

23. La temperatura máxima para pasar o ferro no algodón e de:

- a) 80°C
- b) 140°C
- c) 120°C
- d) 200°C



24. El proceso de secado:
- a) Refírese so ao feito de secar
  - b) É o proceso de clasificación e empaquetado
  - c) É un proceso de secado e traslado
  - d) **É o proceso de secado, empaquetado, clasificación e traslado**
25. Sinala cal das seguintes NON é unha propiedade característica dos neutralizantes:
- a) Reforza a acción do suavizante.
  - b) Evita o deterioro prematuro das fibras téxtiles, alargando a vida da roupa.
  - c) **O seu rendemento vese afectado pola dureza da auga.**
  - d) Elimina os restos de álcalis e branqueantes.
26. En relación á clasificación, etiquetado e envasado de substancias e mesturas químicas, sinala a afirmación INCORRECTA:
- a) A etiqueta estará fixada firmemente no envase e deberá poder lerse en sentido horizontal cando o envase estea na súa posición normal.
  - b) Os envases de lixivia de contido neto igual ou inferior a 10 litros, non serán retornables.
  - c) **A Ficha de Datos de Seguridade (FDS) é un documento elaborado polo consumidor dunha substancia ou mestura química na que se ofrece abundante información sobre os seus riscos.**
  - d) No contido da Ficha de Datos de Seguridade (FDS) inclúense, entre outros datos, a información sobre estabilidade e reactividade, a información toxicolóxica e a información ecolóxica.

27. ¿Con que letra se denominan as indicacións de perigo nas etiquetas dos produtos?

- a) P.
- b) R.
- c) H.
- d) S.

28. ¿Que se define cando os efectos adversos se manifestan tras a administración por vía oral ou cutánea dunha soa dose dunha substancia ou mestura, de doses múltiples administradas ao longo de 24 horas, ou como consecuencia dunha exposición por inhalación durante 4 horas?

- a) Toxicidade crónica.
- b) **Toxicidade aguda.**
- c) Corrosión.
- d) Irritación corporal.

29. ¿Que efectos teñen os fosfatos que compoñen os deterxentes?

- a. Contaminación atmosférica.
- b. **Eutrofización das augas e proliferación de algas.**
- c. Acidificación do medio.
- d. Cambios de pH.



30. En relación aos riscos ambientais, sinala cal das seguintes afirmacións é correcta:
- a. O procesado da roupa non xera un gran volume de auga contaminada por restos de sucidade e de produtos.
  - b. As augas procedentes de lavado levan restos de deterxentes que poden resultar prexudiciais para o medio, pero non é necesario tratalas antes da súa vertedura ao medio natural.
  - c. **Onde máis auga se utiliza é no túnel de lavado e como medida para reducir a vertedura, aplícase un sistema de recirculación.**
  - d. Os deterxentes, con carácter xeral, son produtos biodegradables.

#### PREGUNTAS DE RESERVA

1. Tendo en conta o establecido no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para que se poida proceder ao nomeamento de persoal funcionario interino teñen que concorrer algunha das seguintes circunstancias:
- a) A execución de programas de duración indeterminada que respondan a necesidades permanentes da Administración.
  - b) A existencia de postos vacantes, con dotación orzamentaria, cando non sexa posible a súa cobertura por persoal eventual.
  - c) **A substitución transitoria das persoas titulares dos postos, durante o tempo estritamente necesario.**
  - d) O exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, por un prazo máximo de 18 meses dentro dun período de tres anos.



2. De conformidade co disposto os artigos 22 e 26 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, Cal dos seguintes postos de traballo nunha administración pública do ámbito de aplicación desta lei non se reservarán necesariamente ao persoal funcionario?.

- a) Os postos que teñan atribuídas funcións de inscrición, anotación e cancelación de datos nos rexistros administrativos.
- b) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de contabilidade e tesourería.
- c) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas en materia de exacción de tributos.
- d) Os postos que teñan atribuídas funcións de carácter instrumental correspondentes ás áreas de mantemento e conservación de edificios, equipamentos e instalacións, e artes gráficas, así como os postos das áreas de expresión artística.**

3. Sinale a afirmación correcta sobre lixivias:

- a. A lixivia concentrada é aquela cuxo contido en cloro activo non é inferior a 35 gramos por litro nin superior a 60 gramos por litro e ten unha alcalinidade total máxima, expresada en óxido de sodio, do 0,9% en peso.
- b. A lixivia concentrada es aquela cuxo contido en cloro activo non é inferior a 45 gramos por litro nin superior a 70 gramos por litro e ten unha alcalinidade total máxima, expresada en óxido de sodio, do 0,7% en peso.
- c. Para que nunha lixivia poda figurar a etiqueta "apta para a desinfección da auga de bebida", o fabricante indicará en dita etiqueta as instrucións de uso oportunas para que o consumidor obteña unha concentración de 3 miligramos de cloro activo por litro (tres partes por millón de cloro) na auga a tratar.**
- d. Para que nunha lixivia poda figurar a etiqueta "apta para a desinfección da auga de bebida", o fabricante indicará en dita etiqueta as instrucións de uso oportunas para que o consumidor obteña unha concentración de 5 miligramos de cloro activo por litro (cinco partes por millón de cloro) na auga a tratar.



4. ¿Como se denominan os conxuntos de fíos que se entrelazan no tecido?

- a) Urdimbre e trama
- b) Turdible e rama
- c) Cóncavo e convexo
- d) Tira e transversa

5. Sinala a resposta que consideres correcta en relación á definición do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes que figura no artigo 3 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

- a) **Supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo, e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigas familiares e o estado civil.**
- b) Remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.
- c) A igualdade ante a Lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal
- d) A igualdade ante a Lei, sen incluír comportamentos realizados en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear unha contorna intimidatorio, degradante e ofensivo.

RESPOSTAS 1º EXERCICIO TIPO TEST DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE OFICIAL/A DE LAVANDERÍA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024, RESERVADA Á QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA. (CPI2022M).

1	B	16	A
2	A	17	A
3	B	18	C
4	D	19	A
5	B	20	B
6	A	21	D
7	D	22	B
8	B	23	D
9	A	24	D
10	B	25	C
11	D	26	C
12	B	27	C
13	B	28	B
14	A	29	B
15	C	30	C

**PREGUNTAS DE RESERVA:**

31	C
32	D
33	C
34	A
35	A

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

O Secretario do Tribunal.

Asdo. José Antonio Gulías Varela.

